



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE DELEGA A SINATURA DAS CERTIFICACIÓNS SUPLETORIAS PROVISIONAIS DOS TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO NA VICERREITORA DE OFERTA ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE.

En cumprimento do principio constitucional de eficacia e de conformidade cos artigos 16 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro e 35.1 dos Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004 do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

RESOLVO delegar na vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente a facultade de expedir a certificación supletoria provisional dos títulos propios de posgrao da Universidade da Coruña.

A Coruña, 12 de xaneiro de 2016

O reitor

Asdo. Julio E. Abalde Alonso.